



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE XULLO DE 2015

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1730/2014.- AC DOS SANTIAGO, S. L.- Conceder a legalización da instalación dunha piscina climatizada no Hotel AC-Pazo do Carme sito na rúa das Oblatas.

LIC/293/2015.- WERFEN ESPAÑA SAU.- Conceder a licenza para legalización dunha nave almacén sen uso específico sita Vía Edison nº 7.

LIC/708/2014.- CRISTOBAL LODOS FERNANDEZ.- Autorizar a excepcionalidade deo cumprimento das condicións de habitabilidade e conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras sita na rúa Sar nº 21.

LIC/291/2015.- MARIA DEL CARMEN PEDROUSO PUGA.- Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa de Angrois nº 69.

LIC/1899/2014.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade e conceder a licenza para a instalación dun ascensor nun edificio de vivendas existente sito no nº 11 da rúa Nova de Abaixo.

LIC/1767/2014.- MARIA ISOLINA PAREDES BARDANCA.- Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación dun edificio para uso hoteleiro e cafetería sito na rúa Mazarelos n 12.

LIC/755/2014.- MANUEL PEROL CARRO.- Conceder a licenza para legalización de ampliación de planta soto e entrepranta e execución de rampla exterior de acceso rodado a planta soto na parcela C18 do Plan Parcial do SUNP-34 de Boisaca.

LIC/11/2008 E LAP/155/2008.- AGMINA MULTIMEDIA S. L.- Modificar as licenzas de obras e apertura concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/11/2009 sita no Polígono de Boisaca Parcelas B42-B43.

LIC/582/2015.- PROCRUZ, S. L.- Conceder a licenza de cambio de uso solicitada de baixo comercial a vivenda dun inmovible sito na rúa do Penedo, 17 – 19.

RENUNCIA

LIC/235/2012.- JOSÉ MANUEL UZAL MIRAMONTES.- Aceptar a renuncia á licenza que lle fora outorgada ao interesado por acordo da Xunta de Goberno Local deste concello de data 21 de maio de 2012 para construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Requesende e declarar extinguida para tódolos efectos a licenza no seu día concedida.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/955/2015.- GERMAN GARCIA PARAFITA.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.000 € para responder como garantía dos gastos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e regularizar vías públicas, executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento pola obra autorizada no expediente LIC/1097/2011 na rúa da Burata, 4 A.

LIC/953/2015.- GERMAN GARCIA PARAFITA.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 600 € como garantía da reparación de posibles danos en pavimentos e servizos existentes caso de deterioro con motivo das obras autorizadas no expediente LIC/1097/2011 de construción dunha vivenda unifamiliar sita na rúa da Burata, 4A.

2.- Propostas da alcaldía relativas a diversas devolucións de fianza definitivas.

Autorízase a devolución de varias fianzas.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do Servizo de reparación de parques infantís para obter certificación do cumprimento da normativa a favor da empresa ZONA DE OBRA O ROSAL SLU.

Adxudícase o devandito servizo á empresa Zona de Obra O Rosal, SLU, por un importe de 37.490,32 euros + IVE.

4.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á realización dun obradoiro de creación literaria.

Apróbase a realización do devandito obradoiro e un gasto para o mesmo de 2.000 euros. O obradoiro está destinado a un máximo de 25 persoas e desenvolverase no CSC da Trisca, eh horario de 11:30 a 13:30 horas, os días 26 de setembro; 3, 10, 17 e 24 de outubro; 14, 21 e 28 de novembro; e 12 de decembro.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de legalización da instalación dunha piscina climatizada no Hotel AC-Pazo do Carme, sito na rúa das Oblatas. (LIC/1730/2014).

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para legalizar unha nave almacén sen uso específico, sita en Vía Edison, nº 7. (LIC/293/2015).

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade e conceder licenza para executar as obras de rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras, sita na rúa Sar, 21. (LIC/708/2014).

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa de Angrois, 69. (LIC/291/2015).

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade e conceder a licenza para a instalación dun ascensor nun edificio de vivendas existente, sito na rúa Nova de Abaixo, 11. (LIC/1899/2014).

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación dun edificio para uso hoteleiro e cafetería sito na rúa Mazarelos nº 12. (LIC/1767/2014).

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á conceder a licenza para legalización de ampliación de planta soto e entrepranta e execución de rampla exterior de acceso rodado a planta soto na parcela C18 do Plan Parcial do SUNP-34 de Boisaca. (LIC/755/2014).

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á modificar as licenzas de obras e apertura concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/11/2009 sita no Polígono de Boisaca Parcelas B42-B43. (LIC/11/2008 e LAP/155/2008).

13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión da licenza de cambio de uso solicitada de baixo comercial a vivenda dun inmovible sito na rúa do Penedo, 17 - 19. ((LIC/582/2015).

14.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptar a renuncia á licenza que lle fora outorgada ao interesado por acordo da Xunta de Goberno Local deste concello de data 21 de maio de 2012 para construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Requesende e declarar extinguida para todos os efectos a licenza no seu día concedida. (LIC/235/2012).

15.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativas á devolucións de fianzas.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación de horario de peche nunha hora solicitado pola Asociación Provincial de Empresarios de Restauración e Hospedaxe de Santiago de Compostela.

Infórmase favorablemente a ampliación nunha hora do horario de peche actual dos locais de hostalería, sempre que dispoñan da correspondente licenza municipal e cumpran con toda a normativa de aplicación, durante as seguintes festividades:

- Festas do Apóstolo, dende o 18 de xullo ao 2 de agosto.
- Festas de San Roque e Santa María, do 12 ao 17 de agosto.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao expediente de Urbanización no ámbito da ordenanza especial OE-5.Galeras-Universidade. Cambio de denominación social de GALERAS ENTRERRÍOS.

Tómase en coñecemento o cambio de denominación da mercantil Galeras Entrerríos pola de Daenpa S.L.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á execución das sentenzas dictadas nos P.O. 258/2011 e 245/2011 sobre a actualización da Conta de liquidación provisoria da Reparcelación do polígono A do solo urbanizable non programado número 6 (SUNP-6) de San Lázaro. Liquidación da 1ª cota urbanización.

Declárase a anulación, por efecto das sentenzas firmes, dos acordos adoptados anteriormente pola XGL sobre actualización da conta de liquidación provisoria do polígono A do SUNP-6. Segundo a Asesoría Xurídica, esta anulación non determina a nulidade dos actos posteriores, polo que se conservan todas as liquidacións da 1ª cota que foron xiradas aos afectados, coa única excepción da xirada a Metrovacesa por un importe de 371.570,29 euros (parcela CH-B), a cal consta anulada por Decreto do 29 de maio de 2015.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente relativa á solicitude á Sociedade Estatal ACUAES da incorporación no proxecto de execución das obras de "Adecuación del vertido de la EDAR de Silvouta".

Acórdase realizar a devandita solicitude de incorporación no proxecto das modificacións recollidas no informe realizado por Viaqua, ao obxecto de mellorar a integración operativa da planta. Estas actuacións, que non implican custo para o Concello, afectan aos bombeos de rebores, á conexión de fangos primarios a espesador futuro e á conexión de fangos mixtos a deshidratación futura.

20.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do texto dos convenios de patrocinio con cinco entidades comerciais para levar a cabo a colaboración nas festas do Apóstolo 2015.

Apróbanse os textos dos convenios coas seguintes entidades e achegas:

- El Corte Inglés, patrocinador do Día do Traxe: 6.000 euros + IVE.
- CC As Cancelas, patrocinador da Xornada de Folclore: 4.500 euros + IVE.
- Hijos de Rivera, patrocinador do concerto do día 30, 16.000 euros + IVE.
- Gadisa, patrocinador xeral: 6.000 euros + IVE.
- Coca Cola Iberian Partners, patrocinador xeral: 6.500 euros + IVE.

21.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade para dar conta da desestimación dun recurso de reposición interposto perante a Deputación Provincial da Coruña contra a resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FOIO0B: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero. Ano 2015.

Dáse conta da devandita desestimación, xa que se acreditou no expediente que os gastos derivados do desenvolvemento do proxecto son gastos de investimentos, non contemplados na convocatoria FOIO0B.

22.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aceptación da subvención da Cámara de Comercio de España para a posta en marcha do programa local de apoio ao Emprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Apróbase a aceptación da devandita subvención, por importe de 110.463,20 euros. O Concello achegará 27.615,80 euros, para un total de 138.079 euros. A subvención destínase á Feira de Emprego, a un curso de enerxías Renovables e a incentivos á contratación.

23.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da orde de 12 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión.

Acórdase a solicitude dunha subvención de 116.878,39 euros, para o desenvolvemento dos seguintes programas:

- Programa dirixido á inclusión social da comunidade xitana, por importe de 34.581,28 euros.

- Programa dirixido á inclusión social da poboación inmigrante, por un importe de 44.587,48 euros.
- Programa dirixido á inclusión social das persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), por importe de 37.709,63 euros.

24 a 72.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

73.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a rectificación de acordo de data 26.12.2014 relativo a beneficio fiscal no Imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana tramitado a nome de D.GUMERSINDO VEIGA HERMIDA.

Procédese á corrección da porcentaxe do beneficio fiscal solicitado.

74.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao rexeitamento de recurso de reposición interposto por D.JESÚS AGAPITO TATO RIAL.

Rexéitase o recurso, ao non cumprir o recorrente os requisitos esixidos para o beneficio fiscal solicitado no IVTM.

75.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á cesión do uso en precario á entidade ASPAS dos pisos 2º C e 2º F, sitos na rúa Roma, nº 5, para o desenvolvemento de actividades para promoción das persoas con discapacidade intelectual.

Autorízase a cesión de uso gratuíto e en precario por un ano prorrogable (ata un máximo de 4 anos) das dúas vivendas. Este recurso é utilizado para a promoción dunha vida independente e estable dos beneficiarios, no marco des tres programas: Programa de Adultos Solos e Vida Independente, Programa de Respiro Familiar e/ou Emerxencia, e Programa de Adestramento en Vida no Fogar e en Comunidade.

76.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa ao expediente de cesión provisional do Estadio Municipal de San Lázaro e Campo de Adestramento de San Lázaro II a favor da S.D.COMPOSTELA durante a tempada 2015/16.

Autorízase provisionalmente a devandita cesión á S.D. Compostela, para que poida iniciar a pretempada do seu equipo na 2ªB, quedando supeditada a cesión definitiva a un acordo posterior.